



DECRETO

Expediente: 237/2022

Asunto: Aprobación da concesión de axudas ao abeiro da convocatoria para a concesión de 20 bolsas de formación a distancia do programa "AULA MENTOR". Ano 2022.

D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO, Alcalde-Presidente do Concello do Porto do Son, no exercicio das facultades que lle confiren o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG), e ao abeiro do disposto na base OITAVA da convocatoria de bolsas "AULA MENTOR", dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Vista a proposta do Órgano Instrutor da convocatoria para a concesión de 20 bolsas de formación a distancia do programa "AULA MENTOR". Ano 2022, emitida o día 30 de novembro de 2022 que se reproduce de seguido:

"Antecedentes

Vista a Ordenanza aprobada polo Pleno na sesión ordinaria que tivo lugar o día 16/09/2022, para a concesión de bolsas de formación a distancia do programa "Aula Mentor" do Concello de Porto do Son (BOP núm. 217 do 15/11/2022).

Visto o extracto da convocatoria das axudas publicado no BOP núm. 65, do 05/04/2022, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Visto o Decreto de Alcaldía núm. 2022-1134, do día 18/10/2022 polo que se designa ao órgano instrutor e a comisión avaliadora das axudas ao abeiro da citada convocatoria.

Vistos os informes do órgano instrutor relativos ás solicitudes que cumpren os requisitos para poder ser beneficiarios da subvención e o certificado de secretaría das solicitudes presentadas.

Vista a Acta da Comisión Avaliadora de data 02/11/2022, coa valoración das solicitudes presentadas.

Visto que en data 07/11/2022 se publica anuncio coa proposta de resolución provisional, na que se concede un prazo de dez días hábiles para formular alegacións.

Visto o informe do órgano instrutor de data 22/11/2022, no que se fai constar que durante o prazo de publicación do anuncio non se presentaron ningún tipo de alegación.

Considerando o disposto na base OITAVA sobre a resolución do procedemento "1.- A Alcaldía, a proposta do/a instrutor/a do procedemento e previo o informe de fiscalización da Intervención municipal, resolverá a concesión das subvencións".

Visto canto antecede, POPONSE:





Primeiro.- Que por resolución de Alcaldía se aprrobe a concesión definitiva das bolsas de formación a distancia do programa "AULA MENTOR". Ano 2022, aos seguintes beneficiarios e polos seguintes importes:

Nº Rex.	Solicitante	DNI	Puntuación Total	Contía axuda (50% do custe)
5491	Sara González Blanco	****838**	4	24 €

Visto o Informe de Intervención núm. 2022-383, emitido o 30 de novembro, de fiscalización previa limitada de conformidade coa proposta presentada.

Visto canto antecede, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a concesión definitiva das bolsas de formación a distancia do programa "AULA MENTOR". Ano 2022, aos seguintes beneficiarios e polos seguintes importes:

Nº Rex.	Solicitante	DNI	Puntuación Total	Contía axuda (50% do custe)
5491	Sara González Blanco	****838**	4	24 €

Segundo.- Publicar o presente Acordo na web municipal e na Base de Datos Nacional de Subvencións, aos efectos de notificar aos interesados para que xustifiquen os importes outorgados segundo o disposto na base DÉCIMA da convocatoria. O prazo máximo para a xustificación remata o 30 de novembro de 2022.

Terceiro.- A presente resolución pon fin á vía administrativa, polo que contra a mesma poderase interpor, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes. Entenderase desestimado o recurso se transcorrido o prazo dun mes dende a súa presentación non se obtivese resposta, podendo interpor recurso contencioso-administrativo nos termos da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Asinado en Porto do Son por medios electrónicos polo Alcalde José Luis Oujo Pouso, do que eu, Mónica Pichel García, como secretaria, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).

